Athyrium filix-femina (L.) Roth, 1799

- fento femia
- helecho hembra, h. de pozo
- iratze eme, sorgin iratzea
- falguera femella
- lady fern, woodland l. f.
- feto fêmea, feto manso, feto de espigo, samambaia



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Polypodiopsida**	**Polypodiales**	**Athyriaceae**	***Athyrium***

ORIXE

Europa, norte de África e América do Norte.

CARACTERÍSTICAS

Frondes grandes, de cor verde escura, plumosas, delicadas e bi ou tripinnadas, cun borde lanceolado e un ápice que se enrola ao brotar. O pecíolo é curto e marrón na base, con escamas, e o raquis é verde amarelado e acanalado. Esporas ovoideas e papilosas. Rizoma curto, groso e cuberto de escamas marróns.

HÁBITAT

Zonas húmidas e sombrías, como bosques caducifolios, beiras de ríos e claros forestais, preferindo solos ácidos e ricos en humidade, onde as raíces poden estar sempre húmidas.

DISTRIBUCIÓN

Holártica, atopándose en Europa, Asia, norte de África e América do Norte.

CURIOSIDADES

Antigamente utilizábanse infusións dos seus talos para aliviar dores de parto e as súas raíces como antihelmíntico (eliminación de parasitos).